

16 SONETOS

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

Sumario

Preséntanse aquí 16 sonetos que o autor dedica a pintores e poetas galegos.

Abstract

Here we present 16 sonnets that the author dedicates to Galician painters and poets.

No ano 2007 comecei a escribir uns sonetos dedicados a amigos e amigas cos que comparto inquedanzas artísticas e literarias, e especiais afinidades persoais. Tentaba neles reflectir, de maneira sintética, aspectos da súa personalidade ou do seu labor creativo.

Van a continuación os 16 que xa están rematados, pero a serie continúa e, nun futuro próximo, daremos á luz outro feixe deles. Dos que agora presentamos só un, o dedicado a Ramiro Fonte, non se cinxe estritamente ás mesmas circunstancias que os demais, -foi un poeta que non chegou a tratar-: foi escrito para un acto de homenaxe realizado en Culleredo o 25 de marzo de 2009.

AMIGUELANXO FERNÁN VELLO

Eras labio de lume, labarada,
salseiro de paixón, amor en tránsito,
voraz lampo que os seos abrasaba,
treboada de dedos nas auroras.

Rendiches logo culto á terra e á auga
oficiando nas árbores e as fontes.
E nesa ascensional metamorfose
caeron follas, e agromaron froitas.

A túa voz volvouse máis profunda
e anuncia a rouca dor das incertezas,
o silencio dos homes, a súa angustia.

Maduro polo Tempo, vas ao encontro
do océano do enigma, que custodia
parusías de Luz nas súas simas.



Foto: Erias

* Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo, historiador, poeta...



AXULIO LÓPEZ VALCÁRCEL



Foto: Erias

Naemor foi a xénese, o alfabeto
que conformou coas células os cantos
espídos cos que anuncias a pureza
do corazón que ofreces xeneroso.

Amosas as palabras con voz calma
e no forno da túa humanidade
coces bolas de versos que desprenden
recendos fraternais, complicidades.

No teu fogar acolles aos espíritos
amantes da conversa demorada.
E a calor vermella inunda as copas,

meandrea nas veas, forxa os elos
dunha aperta poética que enlaza
a luz de Dante coa de Gamoneda.

A MANUEL GANDULLO

Carballo de alto porte, limpos ollos,
barba cana que adorna as cicatrices
que a gubia firme e pertinaz do tempo
no teu rostro abertal foi perfilando.

Espírito de ventos vehementes,
atlético adaíl, amigo tenro,
fervenza de palabras xenerosas.
Es como un demiúrgo florecido

de abertas mans, inmensas como os campos
que debrúan os lobos coas súas poutas,
mais tamén delicadas, como a música

que os teus pinceis impregnán na tersura
dese papel que ansía as túas caricias
para sentir, nos poros, a beleza.



Foto: Erias

Anuario Brigantino 2008, nº 31



A GOSIA TREBACZ

Alzada na atalaia sobre as choivas
na penumbras dos soños ves Cracovia
-Sofía rediviva, peregrina
da viaxe de ida e volta da memoria-.

Lonxe, na terra útero, iniciática,
-na que adormece a neve e beixa chairas-
os ecos de Chopin tecen nocturnos
coas desgarradas notas das ausencias.

Hai na mirada azul coa que agasallas
un ronsel de saudade, leve pluma
que se desliza, en calma, ata as augas,

e crea a irisación -que muda a pel
desa vizosa ría heraclitana-
que logo ha levedar nas túas táboas.



Foto: Erias



Foto: Erias

SONE-TINO (A CELESTINO POZA)

Deixáronche en herdanxa os ideais
dunha estirpe de raíz republicana:
amor á liberdade e á xustiza,
paixón polo progreso, dignidade.

Regáronos coa seiva derramada
no cárcere, no exilio, na Caeira.
E esa memoria oral depositouse
e circula, feraz, polas túas veas.

Puidéchela agochar dentro do armario
-dominio do alcanfor e a escuridade-
como se arromban os trebellos vellos.

Pero son o recendo que desprendes,
testemuño vital dese tesouro
intemporal do libre pensamento.

Anuario Brigantino 2008, nº 31



AXOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO



Memoria de poeta foi comporta
que liberou as augas do inconsciente,
caneiro condutor ata aquel tempo
difuso dunha infancia ultramarina.

Os teus recordos foron terapéuticos,
espellos nos que ollar os que eu perdera.
Algúns eran comúns, -dende outros ángulos-
e abrollaron historias esquecidas.

O que ti me ofrecías era próximo
(ese íntimo río de ternuras
familiares, de soños, de amizades).

Pasada a última páxina, xa ansiaba
sementar no caderno a miña heranza:
a fértil auga da xenealoxía.

Foto: M^a Teresa Garea

AJANO MUÑOZ, HOME QUE PINTA

Como o deus ao que honras, tes dous rostros,
xeminais resplandores dos seres que te forman:
á infancia mira Cástor, e Pólux ao futuro:
ambos os dous, á Mar que te circunda.

Un amosa a alegría adolescente
de abandono aos sentidos, mozartiano;
pero intúo, nos pregues da mirada,
un esculcar sereno, un pouso reflexivo,

mundo que se proxecta no outro rostro,
o da circunspección, o filosófico,
nese sorriso amable, irónico e ambiguo

que delata, no espello da súa lene curva,
que hai horas de soidade, de febre e de vixilia
para crear a Obra coa que nos iluminas.



Foto: Erias

Anuario Brigantino 2008, n° 31



SONETO [HUMORÍSTICO] PARA MANUEL AYASO

Un soneto preparam para Ayaso
e na vida me vin en tal apreto,
mais se Lope bordaba este cuarteto
non deixarei que o meu sexa un fracaso.

Non é porque non queira, -non é o caso-,
mesmo teño habelencia para o reto,
pois se este endecasílabo aquí meto,
metendo estoutro, xa saio do paso.

E se engado dous Cristos (por se acaso
non me chega cos cregos) e os someto
coa fusta do tricornio, e os amaso

cun cuartillo de cera, xa prometo
rematar o soneto para Ayaso
para que Ayaso teña o seu soneto.



Foto: Erias



Foto: Erias

A FRANCISCO ESCUDERO

Canteiro do románico, escudeiro
de Mateo o mestre; forte brazo
que dirixe a vontade da maceta
ao cicel delicado da beleza.

Agochas a ancestral sabedoría
na humanidade do teu riso aberto,
na cadencia vital das túas palabras,
no medieval alustro dos teus ollos.

Rexa loita do espírito e a materia,
da noite do granito e da do mármore,
-dese mar mineral-, extraes a alma

sen impurezas, núa, luminosa.
E as formas que naceron nese parto
traen as voces telúricas dos séculos.

Anuario Brigantino 2008, nº 31



Foto: Erias

A ALFONSO COSTA

Era a terra, na primeira mirada,
remuño de lóstregos e cores,
fervenza, mar, volcán, gráciles aves
en movemento, un manancial de imaxes.

Na apertura da man, houbo un pincel,
os dedos eran lapis, e era a palma
paleta, lenzo o peito, e era o brazo
tremor vital ou febre xenesíaca.

Prometeo voraz, pintado o mundo,
co místico esculcar do taumaturgo
daslle forma matérica ao inconsciente,
aos soños visionarios, aos delirios.

E cando só haxa néboa no horizonte,
de regreso á caverna do misterio,
nun esforzo titánico e sublime
aínda has pintar a derradeira viaxe.

A PABLO BOUZA, NESTA HORA DE TRÁNSITO

Foise voando o albatros á última fronteira,
ao océano infinito, ao berce dos espíritos,
pero a sombra das ás, que amparaba á familia,
permanece e descansa no álbum da memoria.

Ferven dentro de ti o arrecendo mariño,
as narracions fantásticas das rexas singraduras;
e o ronsel da liñaxe –nos xestos, no sorriso,
na alegría e na calma- en ti se perpetúa.

Todo desaparece, mais todo permanece,
e vagas da lembranza á clamorosa ausencia,
e hai rumor de conversas no pozo do silencio.

Nesta hora de tránsito e desacougo, amigo,
recollo aqueles versos de machadianos ecos
e proclamo que a vosa divisa é a bondade.




Foto: Erias

Anuario Brigantino 2008, nº 31



A BEATRIZ ANSEDE

Beatriz esperanza, porta aberta
a un espertar de azuis e bolboretas;
Beatriz, a quietude no torrente,
constelación de soños pracenteiros.

Beatriz, a lentura da harmonía,
a da conversa plácida, a da calma.
Beatriz, a fontenla en que bebemos
as cristalinas augas da amizade.

Beatriz, fino orballo na mirada,
arrecendo a seitura e a camelias,
ronsel de luz na madrugada fría.

Beatriz, casa tépeda, acougada,
que nos acolle cos seus brazos mornos
como a nai primixenia do Universo.



Foto: Erias



Foto: Erias

A XOSÉ VÁZQUEZ CASTRO

Na cabeleira hirsuta, forman meandros
-son serpes que maduran na grisalla-
as canas coas que o tempo foi arando
o que un día foi selva de basalto.

É a madurez humana. Non é un drama,
é sinal luminoso, é crecermos
no devalar da vida, puír aristas
para encontrar o cerne e o equilibrio.

Así é a túa pintura, un esvarar,
un entornar as pálpebras ou pátna
que as paixóns atenúa e as dobriga

co aloumiño da espátula, e as transmuta
en galaxias de cores que se expanden
e remansan as almas que as contemplan.

Anuario Brigantino 2008, nº 31



A EVA VEIGA

As feridas da Luz, se cicatrizan,
forman arcos de vella na epiderme
como delgados labios coma fíos
que as aficións suturan con palabras.

As feridas da Luz, se cicatrizan,
forman campos de estrelas, nas que cremos
vislumbrar a faciana dos amantes
en cada cintileo, en cada espiga.

As feridas da luz, se cicatrizan,
serenan os crepúsculos do espírito,
lavan melancolías cos seus hélitros.

As feridas da Luz fannos más libres,
preparan para o tránsito ao baleiro,
para a inmersión no río do Universo.

Foto: Erias

A ALFREDO ERIAS, RESTAURADOR DA HISTORIA

Recostado nas praias da memoria, escoitabas
o murmurio do mar, evocador da ausencia.
Mais no encontro traumático dos cantís e da ondada
sentiches os seus ecos no lume dos salseiros

Eran voces crebadas que viñan do pasado,
xenealóxicas árbores de follas calcinadas
reclamando, no vento, que novas teoloxías
rescatasen do Hades aos deuses esquecidos.

Vencidos, sen clemencia, polo frío da historia,
eses vellos espectros á procura do tempo,
dos fragmentos perdidos do memorial da Terra,
son errantes metáforas das que ti es hierofanta.

E libres da brutal aperta do sarcófago,
do ríxido canzorro, do capitel, do pórtico,
en ceremonia máxica de artista psicopompo
tórnanse en alborada de luz nas túas táboas.



Foto: Mª Teresa Garea

Anuario Brigantino 2008, nº 31



A RAMIRO FONTE CRESPO

A luz do mediodía nas cidades da nada.
O capitán Inverno, que é cazador de libros,
pensa na tempestade: que designiums
serán os que nos traen os leopardos da lúa?

Na rocha dos proscritos, as lúas suburbanas
son persoas de amor, son o reverso
desas aves de paso cun segredo:
os ollos do poeta son os ollos da ponte,


e a ponte, soño eterno nos ollos de Ramiro.
E a vida é unha aventura, -cuxas regras de xogo
carecen da debida moralidade mínima-,
e a morte é unha ría que se adentra na brétema,

un corazón que alberga, dende a aurora da vida,
o triste cravo fondo rosaliano
que, ao extraelo, murmura, no remol da ferida,
a derradeira frase: Adeus, Norte.



Foto: Tito Ríos





X. C. Pereira, 2008. Útero cósmico.

Anuario Brigantino 2008, nº 31